

Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

POIO

Ordenanzas e Regulamentos

REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO NO CONCELLO DE POIO

ANUNCIO

Aprobado provisionalmente polo Pleno do concello de Poio, mediante acordo número 4505 adoptado en sesión ordinaria realizada o 29 de maio de 2018, a modificación do Regulamento regulador do servizo municipal de abastecemento e do texto refundido resultante, realizado o trámite de información pública durante trinta días hábiles sen que se teñen presentado alegacións ou reclamacións ningunhas, de conformidade co sinalado no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de Réxime Local, procédese á publicación do texto refundido no BOP da provincia de Pontevedra.

A entrada en vigor das súas determinacións quedará suxeita ao transcurso do prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril:

REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO NO CONCELLO DE POIO

TEXTO REFUNDIDO

Exposición de Motivos primeira modificación

O Regulamento do servizo municipal de abastecemento no Concello de Poio, foi aprobado inicialmente por acordo do Pleno da Corporación en sesión do 29 de outubro do 2002, non presentándose reclamación algunha contra o mesmo durante o prazo de 30 días a que se estivo sometido a exposición pública, mediante anuncio no B.O.P. de 22/01/2003, quedando en consecuencia definitivamente aprobado o seu texto íntegro como figura publicado no Boletín Oficial da Provincia número 14, do 22 de xaneiro do 2003.

Con posterioridade á súa entrada en vigor e a nivel galego, aprobouse a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que tras determinar que “é competencia das entidades locais, de acordo co que se establece na lexislación de réxime local, a subministración de auga potable, a rede de sumidoiros e ou tratamento das augas residuais” declara o servizo de depuración de augas residuais de “interese da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Así mesmo a lei de augas do estado entrou en vigor R.D.L. 1/01 “Texto refundido Ley de Aguas” que en parte do seu contido ten carácter básico.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

Por outra banda, a transposición ao ordenamento xurídico da popularmente coñecida como Directiva de servizos, (Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos servizos no mercado interior, aprobada o 12 de decembro do 2006), provocou unha fonda transformación dos mecanismos legais que rexen o acceso e o exercicio de actividades de servizos dentro da Unión Europea e, ao mesmo tempo, dos títulos habilitantes para a execución de obras, acometidas e instalacións. A amentada transposición levou a cabo o desenvolvemento legal dunha serie de principios como o de simplificación administrativa e o da eliminación dos obstáculos nas actividades de servizos entre os Estados membros, que teñen por finalidade impulsar e mellorar a regulación vixente mediante a supresión de trabas inxustificadas ou desproporcionadas.

Este proceso mudou os mecanismos legais tradicionais de intervención na esfera dos particulares prestadores de servizos, pasando do sometemento a licenza ou autorización previa a outros mecanismos de comunicación e control “a posteriori”.

Por mor do cumprimento dos principios de transparencia, seguridade xurídica e publicidade, se inclúe neste documento un texto refundido do Regulamento unha vez aprobadas as modificacións.

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓN XERAIS

ART. 1º. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN DO REGULAMENTO

O presente Regulamento redáctase en base ás competencias propias que recoñece ó Concello a Lei de Réxime Local, ten por obxecto a ordenación do servizo de abastecemento no ámbito territorial do Concello de Poio, así como regular as relacións entre o servizo Municipal de Augas (S.M.A.) e os aboados ou usuarios do mesmo.

ART. 2º. PRESTACIÓN DO SERVIZO

O servizo de abastecemento de auga potable será prestado polo Concello de acordo coas modalidades de xestión directa ou indirecta establecidas na Lei de Réxime Local e normas complementarias.

ART. 3º. O PRESTADOR DO SERVIZO

Para os efectos deste Regulamento, entenderase por prestador do servizo a entidade física ou xurídica que efectivamente o realice.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

ART. 4º. O ABOADO

Para os efectos deste Regulamento, entenderase por aboador calquera usuario, persoa física ou xurídica, que sexa receptor dos servizos de abastecemento, en virtude dun contrato de subministración, previamente establecido.

ART. 5º. COMPETENCIAS DO SERVIZO

a) Supervisar ou, no seu caso, redactar os proxectos de obras de abastecemento de auga potable, tanto en alta como en baixa, e construír o conxunto das instalacións precisas ata os edificios ou inmobles obxecto da subministración domiciliaria.

b) Informar e, no seu caso, promover as correccións oportunas ós plans parciais e especiais, estudos de detalle e proxectos de urbanización respecto da rede de distribución de auga na área, sector, polígono ou unidade de actuación.

c) O S.M.A. deberá informar, antes de que o Concello reciba calquera urbanización, sobre o referente á rede de distribución, cando a mesma non tivese sido executada polo propio servizo.

ART. 6º. ELEMENTOS MATERIAIS DO SERVIZO**1. Abastecemento.**

a) Caudais.—A subministración prestarase cos seguintes caudais:

- Os que poida obter o Concello sexa por compra ou concesión.
- Os que actualmente subministren á poboación entidades públicas, privadas e particulares.
- Calquera outros que se poidan distribuír no termo municipal.

b) Rede de distribución.—É aquela que atende as necesidades da poboación abastecida, cunha presión mínima de auga no punto inicial das acometidas suficiente para garantir a correcta subministración á cota da rúa ou pé do edificio. En calquera caso corresponde ó usuario prever os sistemas interiores de elevación de presión de acordo coas características do inmovle en cuestión, a partir da información facilitada polo Concello.

c) Ramal de acometida.—É o entubado que enlaza o da rede de distribución coa instalación xeral do inmovle e remata no límite da propiedade.

d) Chaves de ramal de acometida.—Existirá unha chave de toma de latón situada sobre o entubado da rede de distribución que abra o paso de auga ó ramal de acometida.

e) Aparatos de medida.—Os aparatos de medida ou contadores suxeitaranse ás normas de homologación e verificación ditadas pola autoridade competente.

f) Colariños, machóns, racores e demais elementos accesorios- Serán de latón ou outro material metálico resistente á corrosión.

g) Chave de paso: situada no límite da propiedade. Aparecede descrita no art. 22º.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

ART. 7º. REGULARIDADE DO SERVIZO

Se o curso das augas experimentase nalgunhas partes ou en toda a rede variacións e interrupcións por seca, xeadas, reparacións por avarías, auga sucia, escaseza ou insuficiencia de caudal e calquera outros semellantes, non poderán os aboados facer reclamación ningunha en concepto de indemnización por danos ou prexuízos nin outro calquera, sexa cal fose o tempo que dure a interrupción do servizo, entendéndose que neste sentido a concesión da subministración faise sempre a título de precario, quedando obrigados os aboados, sen embargo, ó pago da cota de servizo e o consumo de auga deducido da lectura do contador; todo isto supeditado ó informe do Xefe do servizo Municipal de Augas.

No caso de que houberse necesidade de restrinxilo consumo de auga por escaseza, os aboados por uso domésticos serán os últimos ós que se restrinxirá o servizo.

ART. 8º. DEREITOS DO ABOADO

a) Subscribir contrato de subministración suxeito ás garantías previstas no presente regulamento e de acordo coas condicións marcadas no informe emitido polo S.M.A.

b) Consumir a auga nas condicións hixienicosanitarias correspondentes ó uso que, de acordo coas instalacións da vivenda, industria ou outras, sexa adecuado e de conformidade coa normativa legal aplicable, nas condicións que prescribe este Regulamento e demais disposicións de aplicación

c) Recibir a facturación do consumo efectuado de acordo coas tarifas, prezos e periodicidade legalmente establecidos.

d) Dispoñer nos recibos ou facturas da información necesaria que lle permita contrastala coa subministrada polo seu contador.

e) Solicitar as aclaracións e informacións sobre o funcionamento dos servizos de subministración.

f) Formular as reclamacións administrativas polo procedemento regulamentariamente establecido.

g) Dispoñer, en condicións normais, dun servizo permanente, tendo en conta as particularidades contempladas no artigo 7º deste Regulamento.

h) Requirir a pertinente identificación dos empregados do S.M.A. que pretendan ler os contadores e/ou revisar as instalacións.

i) Solicitar a verificación do contador polo organismo administrativo correspondente, cando houberse diverxencias sobre o seu correcto funcionamento.

Para facilitar a operación, o servizo municipal instalará un contador provisional, á espera de que o usuario xestione á verificación no organismo competente.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

ART. 9º. OBRIGAS DO ABOADO

- a) Usa a auga subministrada na forma e para os usos establecidos no contrato.
- b) Comunicar ó S.M.A. calquera modificación na instalación interior, en especial aquelas que poidan significar un aumento no uso das instalacións xerais.
- c) Prover, en todo caso, ás súas instalacións interiores dos dispositivos necesarios que impidan en toda circunstancia o retorno da auga ás instalacións xerais, ó contador e á acometida, conservando os mesmos coa necesaria dilixencia que asegure o seu correcto funcionamento.
- d) Conservar e reparar as avarías que se puideran producir no tubo de alimentación, desde o contador ata a instalación interior de subministración.
- e) Independencia de instalacións: cando nunha mesma finca exista xunto á auga de distribución pública auga doutra procedencia, o aboador virá obrigado a establecer redes e instalacións interiores por onde circulen ou se almacenen independentemente as augas, sen que exista posibilidade de que se mesturen as dunha e outra procedencia.
- f) Dispoñer de contador de auga, nas condicións que establece o capítulo VI.
- g) Permitir a entrada nos seus locais en horas hábiles ou de normal relación co exterior ó persoal do servizo que, previa a exhibición da oportuna acreditación, trate de revisar ou comprobar as instalacións.
- h) Absterse de establecer ou de permitir derivacións na súa instalación para subministración de auga a outros locais ou vivendas diferentes ós consignados no contrato, aínda no caso de que se fixese a título gratuíto.
- i) Satisfacer coa debida puntualidade o importe dos servizos de auga, incluíndo as obras de conexión efectuadas polo S.M.A.
- j) Aboar as cantidades resultantes de liquidacións por erro, avaría ou fraude.
- k) Respetar os precintos colocados polo S.M.A. ou polos organismos competentes da administración.

ART. 10º. DEREITOS DO S.M.A.

- a) Revisión das instalacións interiores dos aboados, podendo esixir previamente á contratación da subministración, as modificacións pertinentes a fin de evitar perturbacións nas instalacións xerais e conseguir a súa adecuación á normativa vixente en cada momento.
- b) Revisión das instalacións interiores, aínda despois de contratada a subministración se se constatase que producen graves perturbacións nas instalacións xerais.
- c) Cobro dos servizos prestados ós prezos de tarifa e/ou taxas oficialmente aprobadas.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

ART. 11º. OBRIGAS DO S.M.A.

a) Prestar o servizo de subministración de auga domiciliaria, cumprindo as prescricións contidas na normativa vixente.

b) Garantir que a auga subministrada manteña as condicións de calidade precisas para o consumo humano ata a entrada aos consumidores, e dicir, ata a chave de rexistro ou de paso, de acordo con establecido no RD 140/2003 do 7 de febreiro.

c) Manter a regularidade na subministración, agás no contemplado no artigo 7º deste Regulamento.

d) Manter e reparar os depósitos de almacenamento xeral, as súas instalacións e a rede de distribución.

e) Atender correctamente calquera consulta formulada polos aboados, debendo contestar por escrito as presentadas de igual forma.

f) Efectuar a facturación tomando como base as lecturas periódicas do contador ou as medicións correspondentes a outros sistemas de medida.

g) Aplicar a tarifa e/ou taxa en vigor legalmente autorizada polo organismo competente.

h) Realizar o autocontrol da calidade da auga subministrada nos termos establecidos no RD 140/2003, do 7 de febreiro, comunicándolle ao Concello de Pontevedra, sen prexuízo do resto de administracións e entidades que puideran resultar afectadas, calquera variación puntual ou episodio de contaminación que puidese afectar á calidade da auga subministrada; así como as medidas correctoras e preventivas adoptadas ou que deban adoptarse co fin de evitar calquera risco que puidese afecta á saúde da poboación subministrada.

CAPÍTULO SEGUNDO
DOS CONTRATOS

ART. 12º. SOLICITUDES DE SUBMINISTRACIÓN

Previo á formalización do contrato de subministración, o aboador solicitará por escrito a alta do mesmo, en impreso axeitado facilitado polo S.M.A.

Nas solicitudes faranse constar con claridade as circunstancias necesarias para o perfecto coñecemento e determinación da clase e alcance do servizo que se pretende. Coa solicitude presentaranse os documentos que de seguido se indican:

a) Documento xustificativo da titularidade da propiedade obxecto da subministración, podendo ser suficiente a alta no IBI ou documento público ou privado de propiedade. Se se trata dun arrendamento para uso distinto ó doméstico, presentará a documentación referida no artigo 15.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

b) Certificado e esquema da instalación, expedido por Instalador autorizado pola Xunta de Galicia.

c) Certificado do O.R.A.L. (Servizo de Recadación e Xestión de Tributos Deputación Provincial de Pontevedra) que certifique a inexistencia de débeda do aboador co Concello.

d) Título habilitante da actividade do establecemento, no caso de uso comercial, industrial, oficina de servizos ou en xeral calquera tipo de actividade suxeita a título habilitante de apertura ou posta en funcionamento, no caso de uso comercial ou industrial.

e) Licenza de obra ou título habilitante, no caso de uso provisional de obra ou uso doméstico se procedese.

f) Documento de constitución da servidume que, no seu caso, puidera ser necesario establecer para as instalacións da subministración en cuestión.

g) Licenza de primeira ocupación para as vivendas e locais con licenza municipal concedida a partir do 26 de outubro de 2000 ou declaración de caducidade da acción de reposición da legalidade urbanística. Si a licenza de primeira ocupación figura a nome do solicitante da subministración, xa non serían necesarios os documentos que figuran no apartado a).

Os documentos dos apartados b), d) son imprescindibles para a tramitación da alta. A non presentación dos documentos ós que se fai referencia nos apartados a), c), e), f), g) e h), suporá o tratamento da alta con carácter “condicional” (artigo 22) e a aplicación das taxas de subministración correspondente mentres non presente a documentación pendente.

As solicitudes que entregaran toda a documentación anterior, requirirán de aprobación de acta de inspección da instalación, debendo axustarse á norma vixente de instalacións interiores de subministración de auga e ás especificacións do presente regulamento. A acta de inspección será levada polo S.M.A.

O cadro divisionario do contador deberá estar libre de pontes colocados para realizar as preceptivas probas coa subministración provisional de obra e sen colocación dos equipos de medida.

O promotor do edificio será responsable subsidiario da instalación de equipos de medida no cadro divisionario sen ter formalizado o preceptivo contrato de subministración polo usuario.

Concedida a subministración, non se realizará a mesma ata que o aboador teña satisfeito os dereitos, taxas e fianzas correspondentes e, no seu caso, o importe dos traballos de realización da acometida e subscrito o contrato.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

ART. 13º. CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓN

Non se realizará ningunha subministración sen que o usuario da auga teña subscrito o correspondente contrato co S.M.A., sendo obrigatorio estender contratos distintos para cada servizo e uso, aínda no caso de que non impliquen tarifas ou condicións diferentes. O S.M.A. poderá negarse a subscribilo por incumprimento deste regulamento por parte do usuario.

En ningún caso o contrato de subministración será efectivo ata que o aboador satisfaga ó S.M.A. o importe dos dereitos, taxas e fianzas correspondentes e, no seu caso, o importe dos traballos de realización da acometida.

ART. 14ª. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Durante a vixencia do contrato de subministración, entenderase que os termos do contrato veranse alterados coas modificacións que se produzan con posterioridade ó mesmo, por disposicións legais, regulamentarias ou cambios de tarifas e taxas.

ART. 15ª. CESIÓN DO CONTRATO OU SUBROGACIÓN

Enténdese por cesión do contrato a cesión, por parte do propietario do inmovible, a favor do seu arrendatario, do dereito a recibir a factura ou recibo do consumo efectuado (artigo 45 e apartado c) e d) do artigo 8º) e unicamente se poderá ceder nos casos de usos comercial, industrial.

O titular do contrato de subministración e o responsable do cumprimento das obrigas expostas no artigo 9º, será sempre o propietario do inmovible, incluídos os impagos do arrendatario no suposto de aluguer.

A cesión do contrato caducará na mesma data na que o faga o contrato de arrendamento. Unha vez caducada, os recibos volverán a expedirse a nome do propietario do inmovible.

Será preceptivo para a cesión do contrato:

- a) Acta de inspección, por parte do S.M.A., da instalación interior que acredite que está de acordo con este Regulamento.
- b) Certificado, expedido polo S.M.A., de estar ó corrente no pagamento, tanto por parte do propietario como do arrendatario.
- c) Documento de cesión, asinado por ámbalas dúas partes.
- d) Contrato de arrendamento.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

ART. 16º. CAMBIO DE TITULARIDADE

Se o aboador está ó corrente do pagamento e a súa instalación de abastecemento é conforme a este Regulamento, entón poderá realizar un cambio de titularidade do contrato de subministración, previo abonamento das taxas establecidas a tal efecto.

Estarían exentos do abono das taxas en caso de herdanza ou falecemento do cónxuxe, debendo aportar documentación acreditativa: testamento, certificado de defunción, etc.

O cambio de titularidade ha de quedar documentado. Neste documento constará claramente ata que período trimestral ten que pagar os recibos o antigo aboador e a partir de que trimestre se fai responsable o novo aboador do pagamento dos recibos, tendo que existir unha continuidade no cambio. Este documento terá que estar asinado por ámbalas dúas partes.

ART. 17. DURACIÓN DO CONTRATO

Serán os estipulados no contrato de subministración, será por períodos de facturación establecidos en cada momento e entenderanse tacitamente prorrogados, por períodos iguais ó inicial, a menos que unha das partes, cun mes de antelación, avise de forma expresa e por escrito á outra da súa intención de dalo por rematado.

ART. 18º. RESCISIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN

O incumprimento por calquera das partes dalgunha das obrigas recíprocas contidas no contrato de subministración dará dereito á rescisión do contrato.

ART. 19º. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

No caso de subministración de auga estenderase un contrato por cada vivenda ou local independentes, aínda que pertencen ó mesmo propietario e sexan contiguos.

No caso de sistemas conxuntos de calefacción ou auga quente, dispositivos para rego de xardíns, piscinas, etc., deberase subscribir un único contrato xeral de aboamento, cun único contador, independente dos restantes do inmovible a nome do titular dos mesmos.

Os propietarios dos inmovibles arrendados son solidariamente responsables das subministracións de auga que se realicen ós mesmos e do pagamento dos recibos, aínda que non foran consumidos por eles.

A solicitude da prestación dos servizos de subministración de auga implica a dispoñibilidade polo prestador dos apoios e servidumes sobre a finca ou local, que sexan necesarios para a prestación dos mesmos. A autorización precisa para elo deberá ser aportada polo arrendador ou copropietario interesado. O Concello poderá facilitar un formulario de autorización para que o futuro aboador a someta á aprobación e sinatura do propietario ou do presidente da comunidade de propietarios no seu caso, e a devolva subscrita por este.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

O Concello resérvase o dereito de esixir fianza, aval bancario ou doutra natureza, ó seu arbitrio que garanta o cumprimento das obrigas adquiridas.

CAPÍTULO TERCEIRO *DOS USOS DA AUGA*

ART. 20º. DOS USOS DA AUGA

A subministración de auga está limitada e restrinxida para o uso de vivendas, locais comerciais, industrias ou almacéns.

ART. 21º. CLASES DE SUBMINISTRACIÓN

a) DOMÉSTICO. Consiste na aplicación da auga para atender ás necesidades normais dunha vivenda.

Considérase que nun inmovible existen varias vivendas cando:

- Dispoñen de estradas independentes.
- Están dotadas de cociñas e baños propios.
- Carezan de comunicación interior

b) COMERCIAL. É a aplicación da auga ás necesidades de locais que limitan o uso de auga ó servizo hixiénico e limpeza xeral do establecemento (oficinas, comercios, cemiterios, sedes de asociacións, igrexas. etc.).

c) INDUSTRIAL. É a aplicación da auga ás necesidades de industrias, talleres, hoteis e demais locais nos que o consumo de auga forma parte do proceso produtivo.

d) PROVISIONAL DE OBRA. É a aplicación da auga ás necesidades dunha obra de construción de vivenda, local ou nave. Trátase dunha subministración provisional por un prazo máximo de vinte e catro meses.

Os usos doméstico, comercial e industrial poden ter carácter “condicional”, nos casos nos que queda pendente para a formalización do contrato a presentación por parte do aboador dalgún documento esixido (artigo 12º).

CAPÍTULO CUARTO *DAS ACOMETIDAS E INSTALACIÓNS DE AUGA POTABLE DOS ABOADOS*

ART. 22º. A ACOMETIDA

Enténdese por acometida a condución que enlace a instalación xeral interior da finca co entubado da rede de distribución. A súa condición será de dominio público en tanto se atope na vía pública, sen prexuízo de que a súa propiedade sexa accesoria da do inmovible abastecido. As súas características fixaranse de acordo coa normativa en cada momento vixente. Garantirá á



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

rotura, unha presión mínima de 10 atmosferas e o diámetro será como mínimo de 25 mm para vivendas unifamiliares. Para varias vivendas será como mínimo o diámetro esixido para o cano de alimentación nas Normas Básicas para as Instalacións Interiores de subministración de auga.

A “toma da acometida” é o punto do entubado da rede de distribución no que enlaza a acometida e dispón dunha chave, denominada chave de toma.

O “ramal de acometida” é o entubado que enlaza a instalación xeral do inmovible coa rede de distribución a través da toma de acometida e remata no límite da propiedade.

A “chave de toma” estará situada sobre a acometida, na vía pública. Será manobrada exclusivamente polo S.M.A., quedando terminantemente prohibido que os aboados, propietarios nin terceiras persoas a manipulen. Estará situada sobre a toma da acometida, na vía pública, nunha arqueta de dimensións interiores mínimas de 0.4 metros, construída con soleira de formigón e tapa de fundición reforzada.

A “chave de paso” é obrigatoria e estará situada sobre a instalación interior xunto ó muro exterior da finca ou límite da propiedade e no seu interior. Se fose preciso, baixo responsabilidade do propietario da finca ou persoa responsable do local no que estea instalada, poderá manobrase para cortala subministración a toda a instalación interior. Non se considera chave de paso a situada inmediatamente antes dunha batería de contadores.

O “tubo de alimentación” é o entubado que enlaza a chave de paso do inmovible, se existira, coa batería de contadores ou o contador xeral. Está situado dentro da propiedade privada. A ser posible, quedará visible en todo o seu percorrido e, de existir inconvenientes construtivos para isto, quedará enterrado, aloxado nun rexistro nos seus extremos que permita a inspección e control de posibles fugas.

As obras de acometida á rede xeral de subministración, instalación de chave de toma, dispositivos anti retorno, chaves de paso de contador e contador de auga, farase polo S.M.A. e a conta do solicitante. O resto das obras no interior da finca poderá facelas o solicitante libremente, aínda que o Concello poida ditar normas de carácter xeral para seguridade e bo funcionamento do servizo. En todo caso aplicaranse os regulamentos de instalacións sanitarias e disposicións análogas.

Sen prexuízo de canto ó efecto establecen a orde de 13 de abril de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 42/2008 de 28 de Febreiro de creación do Rexistro de instalacións interiores de subministración de auga de Galicia, o código técnico da edificación (CTE) ou a instrución técnica para obras hidráulicas en Galicia (ITOGH), serie abastecemento ou norma que no futuro as substitúa, as características da acometida, tanto no que respecta ás súas dimensións como ós seus compoñentes, tipo e calidade dos seus materiais e forma de execución, serán determinadas polo S.M.A. en base ó uso do inmovible a abastecer, consumos previsibles e condicións de presión ou, no seu caso, cota das súas redes de distribución.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

ART. 23º. ACOMETIDA DE INCENDIO

Poderanse instalar ramais de acometida para alimentación exclusiva de bocas de protección contra incendio, podendo o aboador usalas en beneficio de terceiros no caso de incendio.

O propietario, ou comunidade de propietarios, da finca debe solicitar a acometida ó S.M.A. As obras de acometida á rede xeral de subministración farase polo S.M.A. e a conta do solicitante.

Os ramais de acometida para as bocas contra incendio serán sempre independentes dos demais que poida ter a finca en que se instalen e realizárense de acordo coa normativa que para protección contra incendios estea vixente en cada momento.

ART. 24º. ACOMETIDA DIVISIONARIA

Enténdese por acometida divisionaria aquela que, a través do cano de alimentación, está conectada a unha batería de contadores, cada un deles medirá os consumos dunha vivenda ou local.

Se un arrendatario ou copropietario de todo ou parte de un inmovible que se abastece de auga por medio dun contador, desexara unha subministración por contador divisionario, previa conformidade escrita da propiedade da finca, poderá instalarse un novo ramal de acometida. O indicado ramal será contratado a nome do propietario da finca e deberá ser capaz de subministrar á totalidade de dependencias da finca, por medio dunha batería de contadores, aínda cando polo momento non se instale máis que o contador solicitado.

ART. 25º. ACOMETIDA INDEPENDENTE

O arrendatario ou copropietario ocupante dun local da planta baixa do inmovible poderá contratar, á súa costa, un ramal de acometida independente para o seu uso exclusivo, previa autorización escrita do propietario da finca, pero a menos que as dimensións do inmovible aconsellaran o contrario, a través do mesmo muro de fachada non poderán ter entrada máis de tres ramais.

ART. 26º. PROTECCIÓN DA ACOMETIDA

O aboador deberá comunicar ó S.M.A. os escapes e todo tipo de anomalías que detecte no funcionamento da súa acometida. Igualmente deberá notificar á maior brevidade posible calquera anomalía, fuga ou incidencia que se produza no cano de alimentación antes do contador.

No tubo de alimentación disporá o propietario da finca dunha protección de ramal suficiente para que no caso dunha fuga de auga esta se evacúe ó exterior sen que, por tanto, poida prexudicar ó inmovible nin danar xéneros ou aparatos situados no interior, quedando relevado o S.M.A. a este respecto de toda responsabilidade, incluso fronte a terceiros.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

No caso de avarías, as reparacións dos ramais de acometida de abastecemento que están na vía pública, serán sempre efectuadas polo S.M.A.

As instalacións e derivacións que partan do punto inicial da instalación interior serán reparadas por conta e cargo do propietario ou aboador responsable da mesma, e serano sempre por persoal debidamente cualificado.

ART. 27ª. CONSERVACIÓN DE ACOMETIDAS

As avarías que puideran producirse entre a toma de acometida e o límite da propiedade serán reparadas polo S.M.A. sen cargo ó aboador.

As avarías que puideran producirse dentro do límite da propiedade, correspondente á instalación interior do aboador serán reparadas polo aboador sen cargo ó S.M.A.

No suposto de que a tubaría vaia embutida no muro de peche, no caso de avaría, de ser preciso pola a descuberto, corresponde ao abonado tales traballos, incluído a reposición ao estado inicial do peche.

ART. 28ª. POSTA EN CARGA DA ACOMETIDA

Instalado o ramal de acometida, o S.M.A. poñerá en carga ata o contador, que non poderá ser manipulado ata o momento de comezar a subministración, por reunir as instalacións interiores as condicións para elo. Pasados oito días desde o comezo da subministración sen que se teña formulado reclamación sobre o ramal de acometida, entenderase que o propietario da finca está conforme coa súa instalación.

ART. 29ª ACOMETIDA EN DESUSO

Rematados ou rescindidos a totalidade dos contratos de subministración servizos por unha mesma acometida e transcorridos tres meses sen uso ningún, os ramais de acometida quedan da libre disposición do Concello, que poderá tomar respecto dos mesmos as medidas que considere oportunas.

ART. 30ª. INSTALACIÓNS INTERIORES

Entenderase por instalacións interiores as situadas dentro da propiedade privada, despois da “chave de paso”, se existise, e inclúe o cano de alimentación, a batería de contadores e os ramais de derivación interiores.

As instalacións interiores deberán ser realizadas por empresas e operarios debidamente autorizados polo organismo correspondente.

Deberán reunir en todo momento as condicións regulamentarias, podendo o Concello negar a subministración, no caso de novas instalacións ou reforma das existentes, por non reunir os requisitos legais. A estes efectos, o S.M.A. poderá levar a cabo as comprobacións precisas antes de efectuar a conexión ás redes de abastecemento.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

En canto ás instalacións antigas en uso, o prestador do servizo pode comunicar ó Concello e ós aboados a falta de seguridade das mesmas ou comunicar a existencia dunha fuga no cano de alimentación, quedando o aboador obrigado a corrixila instalación, se así o vulga pertinente o Concello e no prazo que o mesmo ordene. Se o aboador non cumpre o disposto, o Concello queda facultado para a suspensión da subministración.

O S.M.A. non percibirá cantidade ningunha por revisión de instalacións cando se produza pola súa propia iniciativa.

ART. 31º. POZOS PARTICULARES DE AUGA SUBTERRÁNEA OU PROCEDENTE DE MANANCIAS

Cando nunha mesma finca exista xunto á auga de distribución pública auga doutra procedencia, o aboador virá obrigado a:

- a) Presentar ó Concello proxecto específico de instalación.
- b) Estar incluído no Rexistro de Augas do Organismo de Conca, é dicir, o pozo debe estar legalmente establecido.

ART. 32º. SANIDADE DO CONSUMO

A instalación interior servida polo aboamento obxecto do contrato non poderá estar empalmada con rede, entubado nin distribución ningunha de auga doutra procedencia, nin aínda coa procedente doutro aboamento da mesma empresa, así como tampouco poderá mesturarse a auga do Concello con ningunha outra, tanto por razóns técnicas como por razóns sanitarias.

Os depósitos receptores, se os houbese, deberán manterse coidadosamente limpos, desinfectándoos periodicamente o aboador e protexéndoos razoablemente para evitar calquera causa de contaminación.

En ningún caso existirá depósito ningún do aboador situado antes do correspondente medidor.

Do funcionamento normal ou anormal das instalacións interiores non se derivará en ningún caso responsabilidade ningunha para o Concello.

CAPÍTULO QUINTO DOS APARATOS DE MEDIDA

ART. 33º. OS CONTADORES

Non se instalará ningún contador ata que o solicitante subscriba o correspondente contrato ou acta de inicio de subministración.

A colocación e instalación do contador será executado pola entidade subministradora e os gastos correrán por conta do solicitante. O custo de instalación quedará determinado no correspondente cadro de prezos oficialmente aprobado.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

A entidade subministradora manterá unhas existencias de contadores axeitadas ás necesidades e caudais da subministración para a súa venda aos usuarios que o soliciten. A venda dos ditos contadores realizarase de conformidade co cadro único de prezos vixente e aprobado polo Concello de Poio.

Estarase ao disposto na ordenanza fiscal do servizo en canto á taxa de alugamento de contadores para os usuarios interesados nesa opción e que así o soliciten.

O contador na súa unión coa instalación será precintado pola entidade subministradora e non poderá ser manipulado máis que polo persoal deste.

A entidade subministradora comprometerase a efectuar a instalación do contador nun período non superior ao día laborable posterior ao de contratación.”

ART. 34º. CARACTERÍSTICAS DO CONTADOR

Os contadores serán sempre de modelo oficialmente homologado e debidamente verificados, debendo estar precintados polo organismo da Administración responsable da verificación.

A selección do tipo de contador, o seu diámetro e emprazamento, determinaranse polo S.M.A., de acordo coas normas básicas para as instalacións interiores de subministración de auga, vixentes no momento da contratación, segundo o tipo de domicilio a subministrar, ou en relación ó caudal punta horario previsto en subministracións especiais.

No caso de que o consumo real non correspondese ó concertado entre ámbalas dúas partes e non gardase a debida relación co que corresponde ó rendemento normal do contador, xa sexa por defecto ou por exceso, deberá ser este substituído por outro de diámetro adecuado, quedando obrigado o aboador a satisfacer os gastos ocasionados.

Non se instalará contador ningún ata que o aboador do servizo teña subscrito o contrato de subministración.

A Orde Ministerial do 28 de decembro de 1988 establece as prescricións técnicas de realización e funcionamento dos contadores de auga fría. Nesta Orde establécese que o erro máximo tolerado a caudal nominal é de un + 2%. Todo contador que teña un erro fóra das marxes do + 2% non poderá utilizarse.

Antes do contador existirá obrigatoriamente unha chave de esfera de latón e un filtro de latón e despois do contador existirá unha purga e unha válvula de retención. Estas pezas irán colocadas na mesma orde na que están citadas. Admítese, nas baterías de contadores, o cambio de filtros individuais por un xeral, situado a seguir da chave xeral de corte.

ART. 35º. VERIFICACIÓN E CONSERVACIÓN DOS CONTADORES

É obrigatorio que os contadores que estean actualmente instalados ou se instalen no sucesivo se atopen verificados e precintados polos organismos competentes en materia de industria.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

Será obriga do usuario a custodia do contador ou aparello de medida, sendo extensible esta obriga tanto para os precintos do contador coma para as etiquetas daquel.

Unha vez instalados, aínda sendo propiedade do usuario, non poderá ser manipulado máis que polos empregados da entidade subministradora ou o concello. Para estes efectos será debidamente precintado cantas veces se proceda á súa colocación.

O usuario terá a obriga de facilitar aos representantes e operarios do servizo o acceso ao contador, sempre e cando presenten a correspondente acreditación.

O mantemento e conservación dos contadores será realizado pola entidade subministradora. Se a avaría se produce por razóns diferentes ao uso normal, o servizo poderá liquidar ao usuario o importe de ditas substitucións.

Considerarase conservación e mantemento de contadores, a súa vixilancia, substitución ou reparación dos inutilizados ou avariados polo seu normal uso ou antigüidade, incluído montaxe e desmontaxe na súa situación actual, sempre que as avarías ou anomalías observadas sexan imputables ao uso normal do aparello. Quedan excluídas desta obriga as avarías debidas a manipulación indebida.

ART. 36º. RENOVACIÓN PERIÓDICA DE CONTADORES

Establécese, para os efectos deste regulamento, que a vida útil máxima dun contador é de doce anos, correndo a cargo da entidade subministradora a súa renovación.

Os contadores que proceda substituír polo transcurso da súa vida útil, deberán cumprir coa obriga de ser accesibles dende a vía pública, sempre que antes non o cumpriran.

ART. 37º. DESMONTAXE DE CONTADORES

1. A conexión e desconexión do contador ou aparello de medida sempre será realizada pola entidade subministradora, quen poderá precintar a instalación daquel e será a única autorizada para o seu desprecintado por motivos derivados da explotación.

2. Os contadores ou aparellos de medida poderán desmontarse por calquera das seguintes causas:

- a) Por extinción do contrato de subministración.
- b) Por avaría do aparello de medida aínda cando non exista reclamación previa do usuario.
- c) Por renovación periódica no prazo previsto no artigo anterior, agás que exista reclamación previa do usuario.
- d) Por alteración do réxime de consumos, en tal medida que desborde, por exceso ou por defecto, a capacidade teórica do aparello instalado.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

Esta desmontaxe para substitución do contador, deberá efectuarse con coñecemento do usuario, a ser posible, ou ben deixando comunicación escrita do traballo a realizar. A entidade subministradora estará obrigada, a notificar ao usuario no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da substitución, o número de fabricación do novo aparello, da súa medida e do seu diámetro.

ART. 38º. CUSTES DA VERIFICACIÓN

No caso de que un usuario estime que o volume de auga consumido na súa instalación non corresponde ao rexistrado polo seu contador, poderá proceder a súa verificación oficial.

A entidade subministradora deberá desmontar o contador para a súa entrega ao usuario, e este remitírallo á Delegación de Industria ou a un laboratorio homologado oficialmente. A entidade subministradora poderá substituír inmediatamente o contador que deba ser verificado por outro provisional.

Se se probase que o funcionamento do contador é correcto, o usuario, abonará os gastos de desmontaxe e montaxe do contador. Se o funcionamento do contador fose incorrecto, a concesionaria abonará ao usuario os gastos de verificación.

No caso de verificación dun funcionamento cun error superior o establecido na normativa metrolóxica, e exclusivamente para aqueles casos nos que o proponente sexa o usuario, a entidade subministradora procederá a refacer as liquidacións por consumo de auga, corrixidas nas porcentaxes de desviación detectadas, correspondentes, tendo en conta as tarifas vixentes e a data dende que se instalou ou se verificou ultimamente o contador, e como máximo, para un período de 6 meses anteriores facturados, ao momento do pedimento de verificación do usuario.

Se a liquidación resultante fose negativa, o importe desta descontaráselle das seguintes liquidacións posteriores ata cubrir o importe negativo.

ART. 39º. SITUACIÓN DO CONTADOR

Os contadores xerais e as baterías de contadores divisionarios situaranse á entrada da finca ou edificio en zona de uso común e de fácil acceso en un cuarto ou armario que facilitará o aboador de acordo coas seguintes características e especificacións.

Se a diferenza entre a instalación do contador para vivenda unifamiliar e vivendas colectivas e dentro destas diferenciase entre edificios que teñan portal e as que non o teñen.

a) Vivenda unifamiliar.

O contador irá instalado para a súa protección en caixa ou armario chantado no cerramento exterior da propiedade. Será rexistrable desde o exterior e estará dotado de tapa de aluminio fundido estándar, a unha altura sobre o solo mínima de 0.8 metros e máxima de 1.3 metros. Os paramentos interiores irán rematados, deixando a súa superficie lisa e resistente, sendo as súas dimensións mínimas de 0.5 metros de ancho por 0.3 metros de alto e 0.2 metros de profundidade.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

O contador non poderá estar en ningún caso situado no interior da vivenda.

b) Vivendas colectivas.

b.1) Edificio sen portal.

Disporase de armario de contadores situado no cerramento exterior da propiedade. Será rexistrable desde o exterior e terá unhas dimensións mínimas de 1.4 x 0.9 metros, de tal xeito que o contador situado na parte inferior estea a unha altura superior a 0.5 metros e o contador situado na parte superior estea a unha altura inferior a 1.5 metros.

Os contadores colocaranse horizontais e distanciados verticalmente a máis de 0.15 metros.

O armario terá porta con pechadura dun material resistente á corrosión e dunhas dimensións que permitan a lectura e manipulación de tódolos contadores. A propiedade ten a obriga de facilitar unha copia da chave do armario ó S.M.A.

b.2) Edificio con portal.

Disporase de cuarto de contadores, de dimensións mínimas de 1.4 x 1.4 x 2.1 metros, entendéndose que o tamaño aterase ás dimensións que se establezan en función do número de unidades de subministración a realizar, asustándose ás seguintes condicións:

- O armario aloxará a totalidade dos contadores correspondentes ó edificio.
- Os contadores irán colocados a unha altura mínima de 0.5 metros e máxima de 1.5 metros, separados entre si a unha distancia superior a 0.15 metros. Colocaranse horizontais.
- A súa situación será en zona de portal de xeito que medie entre o recinto e o exterior do edificio unha única porta que corresponderá á entrada do portal.
- A porta do cuarto, do que a apertura pode ser en ambos sentidos, non disporá de chave de peche.
- O cuarto disporá de alumeado e desaugue.

ART. 40º. CONTRATOS INDIVIDUAIS

O S.M.A. contratará de forma xeral as subministracións por contador divisionario directamente con cada un dos arrendatarios ou copropietarios do inmovible. O consumo correspondente a estes contratos será a cargo dos asinantes dos mesmos.

No caso de que o S.M.A. optase pola colocación dun contador xeral, a propiedade do inmovible ou, no seu caso, a comunidade de propietarios existente, deberá subscribir o oportuno contrato. As subministracións efectuadas mediante contador xeral comportarán a facturación de tantas cotas de servizo ou mínimos como vivendas ou elementos susceptibles de aboamento se sirvan a través do citado contador. Igual criterio se seguirá nos supostos de liquidación de fianzas, cotas de conservación, en xeral, respecto de calquera outro gasto que se xere.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

ART. 41º. CUSTODIA DOS CONTADORES

Tanto no caso de contador xeral como no de batería de contadores, as instalacións quedan sempre baixo a dilixente custodia e responsabilidade do propietario do inmovible.

CAPÍTULO SEXTO
*CONSUMO E FACTURACIÓN**ART. 42º. TRABALLOS CON CARGO O ABOADO*

Calquera tipo de traballo que sexa realizado polo servizo, de acordo co indicado no presente Regulamento ou a petición do aboador e que deba ser pagado por este, facturárase en base ó cadro de prezos, por traballos que aprobe o Concello e, no seu defecto, polo importe dos materiais e man de obra precisos, así como os gastos imputables de transporte, desprazamentos, almacenaxe, etc.

ART. 43º. CÁLCULO DO CONSUMO

O cálculo de volume de auga subministrada a cada aboador será realizado polo S.M.A. de acordo cos seguintes procedementos:

a) Por diferenza de lecturas do aparato de medida.

b) No caso de que non poida efectuarse a lectura da medición do contador por ausencia do aboador, o S.M.A. realizará unha facturación por estima.

A facturación do período actual e regularización de períodos anteriores efectuarase conforme a un dos tres seguintes sistemas, por orde de preferencia:

1º. A teor da media dos seis meses de facturación anterior.

2º. A teor do consumo do mesmo período do ano anterior.

3º. No caso de non dispoñer dos datos anteriores, estimaráselle un consumo de cincocentos litros de auga por día.

Na seguinte facturación na que se realizase lectura correcta do contador detraeránselle os consumos facturados a conca.

c) Cando se detecte o paro ou mal funcionamento do contador estimaráselle, no período en curso, seguindo os criterios anteriores. No seguinte período substituiráselle o contador conforme ó artigo 39.

Calquera fuga de auga que sexa medida polo contador seralle facturada ao aboador de acordo coas tarifas correspondentes, Non obstante, para aqueles supostos nos que as avarías interiores que se produzan non sexan imputables a deficientes tarefas de mantemento das mesmas, é sexan imputables a feitos fortuítos de difícil detección, non atribuíble á negligencia



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

do propietario, establécese: cando o consumo rexistrado polo contador supoña un volume superior ao quíntuplo da medida rexistrada no último ano, o servizo poderá establecer unha bonificación sobre o volume rexistrado de ata o 75 % (tipo de gravame 0,00 €/m³), segundo o cadro de bonificación en función do volume total rexistrado:

CADRO BONIFICACIÓN PR AVARÍA	VOLUME	PORCENTAXE BONIFICACIÓN
Volume total rexistrado polo contador	≤ 150 m ³	20 %
Volume total rexistrado polo contador	≥ 151 m ³ ≤ 500 m ³	40 %
Volume total rexistrado polo contador	≥ 501 m ³ ≤ 1500 m ³	60 %
Volume total rexistrado polo contador	≥ 1501 m ³	75 %

As condicións que debe cumprir o usuario para ter dereito ás citadas bonificacións, serán: acreditar documentalmente, a existencia da anomalía técnica na instalación interior cun informe ou reportaxe fotográfico e coa factura detallada correspondente aos traballos de reparación da deficiencia. As bonificacións que procedan, non poderán ser aplicadas ata que non se teña documentado o expediente cos documentos indicados.

Esta medida redutora de carácter excepcional non se poderá aplicar a un mesmo aboador máis dunha vez, nun período dun ano.

Finalmente, solo serán consideradas para ditas bonificacións, aquelas incidencias que supoñan un volume rexistrado superior a 100 m³.

ART. 44º. FACTURACIÓN

O Concello percibirá de cada aboador o importe da subministración, de acordo coa modalidade da tarifa vixente en cada momento.

A cota de servizo engadirase á facturación do consumo correspondente ós rexistros do aparato de medida.

ARTIGO 45º. FACTURAS E RECIBOS

O documento que, en concepto de factura ou recibo, libre o prestador do servizo axustarase nos seus conceptos e formas ó modelo que, no seu caso, aprrobe o Concello e conterà como mínimo os seguintes datos:

- Nome do propietario do inmovible ou arrendatario, se existise cesión do contrato.
- Domicilio de subministración.
- Lectura do contador e consumo facturado.
- Período facturado.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

- e) Cálculo do importe resultante do consumo segundo os bloques establecidos na ordenanza fiscal vixente.
- f) Importe total da subministración.
- g) Alugamentos, se os houbera en caso de usos comercial ou industrial.
- h) Importe dos gravames repercutibles e impostos autonómicos: canos da auga e coeficiente de vertedura, se procede.
- i) Suma total da factura.
- j) Nome, domicilio e teléfono do prestador do servizo, a efectos de pagamento ou reclamación.
- k) Calquera outro dato esixido pola lexislación vixente.

ART. 46º. COBRO DE RECIBOS

A obriga de pago dos recibos dun trimestre do ano nace o día primeiro do seguinte trimestre natural.

O vencemento do prazo de cobro en período voluntario determina a esixibilidade dun recargo de apremo do 10 por 100, segundo marca o artigo 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O S.M.A. poderá autorizar a domiciliación do pago en conta de aforro ou conta corrente bancaria. En xeral, o aboador deberá facelo efectivo nas entidades bancarias ou financeiras que o S.M.A. autorice.

O pagamento concertado a través de entidade bancaria non exonera da súa obriga ó aboador no caso de que, por calquera motivo, non se atenda o recibo no prazo regulamentario.

ART. 47º. CAUSAS DE SUSPENSIÓN

As causas de suspensión que facultan ó concello para suspender a subministración, seguindo os trámites que se sinalen no seguinte artigo son:

- a) O incumprimento por parte do aboador de calquera das obrigas indicadas no artigo 9º deste Regulamento.
- b) A existencia de derivacións clandestinas na rede de abastecemento.
- c) Caducidade ou rescisión do contrato de subministración.

ART. 48º. PROCEDEMENTO DE SUSPENSIÓN

Comprobado o incumprimento dalgunha das obrigas por parte do aboador, o S.M.A. porá o feito en coñecemento do mesmo e do organismo oficial competente, considerándose que queda autorizada a suspensión da subministración se non se recibe resolución en contrario do indicado



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

organismo. Se se acreditara polo aboador ter interposto a reclamación a que se refire o artigo 53 deste Regulamento, quedará interrompida a execución da suspensión ata a resolución expresa ou tácita da reclamación.

No caso de falta de pagamento do recibo que deba satisfacer o aboador considerárase comprobado e perfeccionado o incumprimento da obriga de pago polo mero transcurso de doce días hábiles contados desde a data de finalización do período voluntario de cobranza.

No caso de existencia de derivacións clandestinas, caducidade ou rescisión do contrato de subministración, o S.M.A. poderá suspender a subministración de contado e dará conta diso ó organismo competente.

ART. 49º. RENOVACIÓN DO SERVIZO

Cumprimentada a obriga que motivou a suspensión temporal do servizo, o aboador ten dereito ó restablecemento do mesmo, dentro do día seguinte hábil ó cumprimento da súa obriga, previo pagamento dos gastos orixinados e as taxas de conexión.

ART. 50º. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Transcorridos tres meses desde a suspensión do servizo sen que o aboador corrixira calquera das causas polas que se procedeu á citada suspensión, terase por resolto o contrato.

ART. 51º. RETIRADA DO APARATO DE MEDIDA

Resolto o contrato e, segundo o previsto na normativa vixente, o S.M.A. poderá retirar o contador propiedade do aboador, e manterao en depósito e a disposición do mesmo nas súas dependencias por un prazo máximo de un ano. Pasado o indicado prazo, poderá dispoñer del como estime conveniente aplicando o seu importe ós gastos de custodia e almacenaxe do contador.

CAPÍTULO SÉTIMO

DAS ACCIÓNS LEGAIS, INFORMACIÓN E RECLAMACIÓNS

ART. 52º. ACCIÓNS LEGAIS

O Concello, aínda despois da suspensión e da rescisión do contrato de subministración, poderá emprender cantas accións civís e penais considere oportunas na defensa dos seus intereses e dereitos e, en especial, a acción penal por fraude.

Así mesmo, e no caso de que a suspensión do servizo efectuada polo Concello resultase improcedente, o aboador poderá esixir a debida indemnización, sen prexuízo de poder emprender as accións civís e penais que considere oportunas na salvagarda dos seus intereses.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

ART. 53º. TRIBUTOS

Os tributos que a Administración, en calquera dos seus niveis, estableza sobre as instalacións do servizo que recaian sobre a subministración de auga, son de conta do aboador e o seu importe engadirase ó da tarifa vixente, agás que xa estean comprendidos na mesma.

ART. 54º. RECLAMACIÓNS O TITULAR DO SERVIZO

O aboador poderá formular reclamacións directamente ó Concello por escrito. Tamén terá dereito a solicitar unha acta conxunta de presenza emitida polo Concello.

Para formalizar a acta conxunta, o aboador por si ou mediante representante debidamente autorizado deberá presentarse no local do representante no prazo dos dez días seguintes a aquel no que se lle requira a necesidade de comparecencia. Se non se efectuase tal presentación no indicado prazo, teráselle por desistido da reclamación, a menos que no mesmo prazo e en solicitude razoada o aboador propoña unha data posterior que en todo caso non será maior de trinta días.

ART. 55º. RECLAMACIÓNS ANTE O CONCELLO

Contra a resolución expresa desestimando en todo ou en parte as peticións do aboador, este poderá efectuar reclamación ante a Alcaldía no prazo de dez días hábiles.

Se transcorrese un mes sen resolución expresa considerarase denegada a reclamación, quedando aberta a vía xurisdiccional correspondente.

ART. 56º. FRAUDE

A entidade subministradora considerará como fraude as seguintes situacións:

- a) que non exista ningún contrato para a subministración de auga atopándose as conexións executadas.
- b) que por calquera procedemento se manipulase ou alterase o rexistro do contador ou aparello de medida, os precintos existentes ou os propios elementos do servizo.
- c) que se realizasen derivacións de caudal, permanente ou circunstancial, antes dos equipos de medida.
- d) que se utilice a auga para usos distintos dos contratados afectando á facturación dos consumos segundo a tarifa que se aplica.

A entidade subministradora, tendo en conta a información, requiriralle ao usuario a corrección das deficiencias observadas na mesma, co apercibimento de que se non se leva adiante no prazo de 72 horas, aplicarase o procedemento de suspensión da subministración que corresponda.



Cando o persoal da entidade subministradora atope derivacións nas súas redes con utilización da subministración sen ningún contrato, é dicir, realizadas clandestinamente, a entidade subministradora poderá efectuar o corte inmediato da subministración. Se ao persoal facultativo, cando vai comprobar unha denuncia por fraude, se lle negase a entrada ao domicilio dun abonado, a entidade subministradora está autorizado para suspender a subministración.

A entidade subministradora practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, do seguinte xeito: Formularase unha liquidación por fraude en base a:

Caso 1.—Non existe contrato de subministración, ou existindo contrato prodúcese alteración ou manipulación no contador ou derivación de caudal previa ao contador.

Formularase unha liquidación por fraude, que incluírá un consumo equivalente ao caudal nominal do contador instalado ou en caso de ausencia, ao que correspondese ás instalacións utilizadas na acción fraudulenta, cun tempo de tres horas diarias de utilización ininterrompidas ($\text{Consumo} = Q_{\text{ref}} \times 3$) e durante o prazo que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalacións (ou a data de retirada do anterior contador se é que xa houbera algún) e o momento en que se resolva a incidencia detectada, sen que poida estenderse en total a máis dun ano anterior á data da detección, salvo que se acredite documentalmente por algunha ou ambas partes, un período distinto. Dun mínimo para facturar, correspondente a un período de facturación.

$$\text{Consumo} = Q_{\text{ref}} \text{ (m}^3\text{/h)} \times 3\text{h/día} \times N \text{ días}$$

Caso 2.—Prodúcese a rotura dos precintos do contador.

No devandito caso liquidarase a fraude como no Caso 1, cun período mínimo de 1 mes e como período máximo dende a data da última lectura do contador.

Caso 3.—Uso da auga diferente ao contratado.

Formúlase liquidación de fraude polo dobre da diferenza entre importe que houbera correspondido á aplicación da tarifa correspondente e o liquidado realmente.

A liquidación por fraude recollerá os custos fixos incorridos de detección e resolución da fraude.

Se se falsearon as indicacións do contador ou aparello de medida instalado por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal do mesmo, tomarase como base para a liquidación da contía da fraude a capacidade de medida do caudal nominal, computándose o tempo en oito horas diarias dende a data da última verificación oficial do contador, sen que este tempo exceda dun ano, descontándose os consumos que durante este período de tempo fosen liquidados polo autor da fraude.

Cando as actuacións que dean orixe á liquidación por fraude por parte da entidade subministradora pidan constituír delitos ou faltas, de acordo ao Código Penal, poderase denunciar ante o xulgado competente.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

En todos os casos o importe da fraude, deducida de acordo cos preceptos establecidos nos parágrafos anteriores, estará suxeito aos impostos que lle fosen repercutíbles, debéndose consignar a contía dos mesmos nas correspondentes liquidacións.

As liquidacións que formule a entidade subministradora seranlles notificadas aos interesados, que poderán formular reclamacións en contra delas ante o organismo competente en materia de consumo, no prazo de quince días a contar dende a notificación da devandita liquidación, sen prexuízo das demais accións en que se consideren asistidos.

ART. 57ª. PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Sen prexuízo das competencias legais que poidan corresponder a outras entidades ou organismos públicos, corresponde ó Concello a facultade de sancionar polo incumprimento do presente Regulamento tanto polos aboados como polos titulares do servizo, con suxeición ó procedemento administrativo vixente.

ART. 58ª. TRIBUNAIS

Tódalas cuestións de índole civil, penal ou administrativo derivadas do servizo de subministración de auga domiciliaria que se susciten entre os aboados e o concello, entenderase que son da competencia dos Tribunais e Xulgados do partido xudicial ao que pertence o Concello de Poio.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. O presente Regulamento, unha vez aprobado, comezará a rexer nos seus propios termos, con carácter de indefinido mentres non se promova o contrario, desde a data en que se publique no “Boletín Oficial da provincia” e transcorra o prazo de 15 días hábiles, quedando sen efecto o regulamento actualmente vixente.

Segunda. En todo o non previsto aplicaranse os preceptos da Lei de Réxime Local e disposicións concordantes, así como a normativa reguladora do abastecemento de auga en tódalas súas especificacións.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira. A partir da entrada en vigor do presente Regulamento, tódolos usuarios deben adaptala súa situación ó que nel se prevé, investigando os servizos competentes do Concello as situacións de vulneración do mesmo. Para esta adaptación, fíxase un prazo de dous meses a partir do comezo da súa vixencia e transcorrido este prazo, aplicaranse de oficio as súas disposicións.

Segunda. O previsto no parágrafo anterior é sen prexuízo dos expedientes que actualmente se tramitasen contra infractores da normativa vixente, non supoñendo tampouco legalización de actuacións que puidesen cualificarse como infracción a teor da normativa vixente, aínda que non foran detectadas polo Concello.



Xoves, 4 de outubro de 2018

Núm. 192

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín oficial da provincia e transcorrendo o prazo de 15 días previstos no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril.

Terceira. A primeira modificación do presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto no BOP, transcorrido o prazo de quince días previstos nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local.

O que se fai público para xeral coñecemento, facéndose constar que contra o acordo e modificación da ordenanza aprobada, poderá interpor directamente recurso contencioso, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses a contar dende esta publicación, de conformidade co disposto nos artigos 10.1 b) e 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Poio, á data da sinatura dixital á marxe.

O Alcalde,

Luciano Sobral Fernández

